

Entrega do Premio Galicia Parabéns a Boqueixón polo plan do Pico Sacro

O Concello de Boqueixón recibiu o Premio Galicia Parabéns polo seu proxecto de Mellora e embelecemento do Pico Sacro e a súa contorna. Nun concorrido acto presidido polo presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e pola directora da Axencia Galega de Turismo, Nava Castro, entregouse este galardón que recoñece o labor desenvolvido a prol da posta en valor dun enclave de tanta importancia.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, recibiu de mans de Feijóo o premio. O rexedor amosouse moi satisfeito por este recoñecemento: “O Pico Sacro é un referente xeográfico, paisaxístico, histórico, cultural e, sobre todo, sentimental para todos os veciños e veciñas de Boqueixón, así como un fito clave no relato xacobeo e, polo tanto, referencia para os camiñantes que chegan a Santiago. Para o noso Concello é un acto de xustiza e responsabilidade co noso patrimonio poñer en valor este entorno para o goce dos boqueixaneses e boqueixanesas, para os galegos e galegas, para os visitantes e tamén para os peregrinos a Compostela”, asegurou o rexedor.

O proxecto premiado co Galicia Parabéns, e dotado con 388.000 euros, inclúe varias actuacións no Pico



Foto de familia de autoridades tras a entrega dos Premios Galicia Parabéns, convocados pola Axencia Galega de Turismo

Sacro e na súa contorna. A primeira delas desenvolveuse a finais do 2017 e comprendeu o derrubamento dunha estrutura de formigón abandonada por décadas, reducindo, deste xeito, o impacto visual.

Próximas actuacións

Para este ano 2018 prevese o reacondicionamento do centro de interpretación do Pico Sacro, para favorecer non só o achegamento físico a este enclave, senón tamén un achegamento dende o coñecemento da súa xeografía, xeoloxía, historia e lendas. Ademais, desenvolverase a integración do depósito municipal de auga, dotándoo dunha cuberta vexetal e mudando as súas fachadas co fin de mellorar a súa integración paisaxística coa contorna do Pico Sacro.



O rexedor, Manuel Fernández, recibindo o galardón de mans de Núñez Feijóo



Unha das próximas actuacións prevé melloras no centro de interpretación

A senda peonil e ciclista entre A Susana e A Eirexe estará finalizada este verán

Os veciños de Boqueixón contarán este verán cunha senda peonil e ciclista entre os núcleos de A Susana (Santiago) e A Eirexe. Esta actuación, que permitirá unha meirande seguridade para os viandantes e ciclistas entre ambos os dous puntos, conta cunha inversión de 600.000 euros.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Muñiz, participou na visita realizada pola conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, e o delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro.

O primeiro dos treitos deste itinerario de uso mixto -peatonal e ciclista- estenderase ata o polígono de Sergude. O segundo habilitarase ata o propio núcleo de A Eirexe. A senda peonil e ciclista discurrirá polo marxe dereito da estrada AC-960, que une Boqueixón con Vila de Cruces.



O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, á esquerda, e a conselleira Ethel Vázquez supervisaron o inicio das obras

O alcalde boqueixanés valorou moi positivamente a posta en marcha desta infraestrutura, xa que permitirá mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas de Boqueixón, posibilitando que poidan desprazarse entre ambos os dous núcleos con total seguridade.

O alcalde boqueixanés valorou moi positivamente a posta en marcha desta infraestrutura, xa que permitirá mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas de Boqueixón, posibilitando que poidan desprazarse entre ambos os dous núcleos con total seguridade.

O alcalde boqueixanés valorou moi positivamente a posta en marcha desta infraestrutura, xa que permitirá mellorar a mobilidade dos veciños e veciñas de Boqueixón, posibilitando que poidan desprazarse entre ambos os dous núcleos con total seguridade.

Obrigatoriedade de limpar as leiras

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, lembrou nun bando a obrigatoriedade de limpar as leiras de acordo coa Lei 3/2007 de prevención de incendios forestais. Deberán aplicar estas medidas as persoas responsables que xestionen a biomasa vexetal, nunha franxa de 50 metros perimetral. Consultar máis información na web.

Axudas a entidades sen ánimo de lucro

O Concello de Boqueixón vén de aprobar a convocatoria de subvencións para entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades no 2018. O prazo de solicitudes é dun mes a partir do día seguinte da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP). As bases poderanse consultar na web municipal.

Solicitudes para o programa TES+BUS

O programa de Transporte Escolar Compartido de Galicia, TES+BUS permite o uso compartido dos autobuses escolares a un prezo de 1 euro por viaxe. Os/as interesados/as deberán chamar ao Concello (981 51 31 15) para formalizar as correspondentes peticións. O prazo para entregar as solicitudes conclúe o 30 de marzo.

Convocatorias para o Graduado en ESO

A Xunta publicou a convocatoria de probas libres para obter o título de Graduado en ESO para adultos. A matrícula formalizarase do 12 ao 23 de marzo, para a convocatoria de maio, e do 2 ao 9 de xullo, para a de setembro. Os exames serán o 25 de maio e o 7 de setembro. Máis información, na web e no Departamento de Cultura.

Milleiros de persoas participaron na XXXV Festa da Filloa de Lestedo

Milleiros de persoas participaron na XXXV Festa da Filloa de Lestedo, declarada de Interese Turístico de Galicia. A celebración contou nesta edición con grandes novidades.

Entre elas, o encontro de máis de 40 Xenerais da Ulla, que protagonizaron un vistoso desfile ata o campo da festa de Lestedo. Ademais a deseñadora Carmen Pichel presentou o novo deseño de traxe de Xeneral da Ulla, no que se inclúe o escudo de Boqueixón tanto na costa da chaqueta do traxe coma nos ombreiros.

A Festa da Filloa de Lestedo contou cunha ampla representación de autoridades, que estivo liderada polo alcalde, Manuel Fernández. Na súa intervención na inauguración oficial da cita, o rexedor salientou a importancia desta celebración, que non sería posible sen o traballo dos veciños e veciñas e dos voluntarios e voluntarias.

Pola súa banda, o pregoeiro, o chef André Arzúa, gabou as cualidades gastronómicas da Filloa de Lestedo e invitou a todos os presentes a deleitar os



O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández, no centro, durante a súa intervención na inauguración oficial da Festa da Filloa

seus padais co postre por excelencia de Boqueixón. A inauguración finalizou coa entrega dos mandís de honra e coa imposición da insignia de Xeneral de Honra da Raíña Lupa.

Xornadas gastronómicas

O programa da Festa complementouse coas Xornadas Gastronómicas da Filloa, que rexistraron un grande éxito de convocatoria entre os días 12 e 17 de febreiro. Nelas participaron oito os establecementos hostaleiros das parroquias de Sergude e Lestedo: A Taberna d' San Benito, Casa de Xantar Casa Castro, Café Bar Casa Agrelo,



A xornada ofreceu un vistoso desfile de máis de corenta Xenerais da Ulla

Restaurante Vente Vindo, Café Bar O Rincón de Pepe, Cervexería O Vikingo, Café Bar O '26 e Restaurante Vía da Prata.

E continuando co traballo de cara á próxima edición

da Festa da Filloa de Lestedo, a Asociación Cultural da Filloa participou na xornada Filloas e Viño no Camiño, que se celebrou no Hostal dos Reis Católicos o pasado día 1 de marzo.

Os Xenerais da Ulla encheron de cor o Entroido de Sergude

Fiel á súa cita de todos os anos, a parroquia de Sergude celebrou unha nova edición do seu Entroido. Os Xenerais da Ulla foron os meirandes protagonistas dunha xornada que se encheu de cor e música.

Os vivas escoitáronse tanto no Centro do Cabalo Galego coma no campo da festa de Sergude. Neste último, os Xenerais da Ulla afiaron as súas espadas -e linguas- para entonar o seu atranque.



Un intre da celebración do Entroido de Sergude no Centro do Cabalo Galego

Aberta a inscrición para o programa de conciliación *Semana Activa*

O Concello de Boqueixón vén de abrir o prazo de inscricións para o programa de conciliación familiar *Semana Activa*. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria, desenvolverase os días 26, 27 e 28 de marzo e o 2 de abril nas instalacións deportivas de O Forte. O programa ofrecerá actividades de lecer aos cativos e cativas durante as súas vacacións de Semana Santa.

O horario de entrada establecerase entre as 09.00 e 10.00 horas e o de saída, entre as 13.30 e as 14.00 horas. Contémplase a posibilidade de ampliación horaria.

O prezo é de 10 €. As inscricións débense formalizar antes do día 21 no Departamento de Cultura (981 513 115 ou en cultura@boqueixon.com).

Obradoiro de prevención da violencia de xénero no CPI

O Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón impartiu un Obradoiro de Prevención da Violencia de Xénero en Adolescentes. As sesións desenvolvéronse durante cinco semanas co alumnado de 4ºESO do C.P.I Antonio Orza Couto.

Os 11 mozos e mozas participaron nas cinco sesións destinadas a traballar diversos aspectos: dende as características da violencia no noivado



adolescente ata as características dunha relación sa e positiva. O obxectivo foi proporcionar información para que os adolescentes saiban recoñecer

os signos dunha relación de maltrato.

Polo Día da Muller Traballadora (8-M) elaborouse un obradoiro de pintura para conmemorar a data.



CoidarNos ofrece unha charla sobre o dano cerebral

O programa CoidarNos centrou a súa sesión do mes de febreiro nunha charla impartida por dúas traballadoras sociais da Asociación de Dano Cerebral de Compostela. Ambas aportaron un maior coñecemento sobre esta doenza, as súas causas e consecuencias.

AXENDA DO MES DE MARZO

10

Visita teatralizada

Ponte Ledesma.

12.00 horas.

Actividade gratuíta

Inscricións antes do 9 de marzo, no teléfono 981 513 015 ou en boqueixonturismo@gmail.com.

21

Circuíto Termal

Viaxe ás Termas de Outariz e visita a un lugar de interese.

Prezo: 25 euros

O custo inclúe transporte, comida e tratamento termal. Inscricións no Departamento de Cultura (981 513 115).

22

Charla Vespa Velutina

Casa do Concello

21.00 horas.

Actividade gratuíta.

Sesión informativa con mostra sobre elaboración de trampas. Inscricións no Departamento de Cultura.

26, 27 e 28

Semana Activa

Programa de conciliación.

De 09.00 a 14.00 horas.

Prezo: 10 euros.

Propostas de lecer para cativos e cativas de Infantil e Primaria ata a 2 de abril en O Forte. Inscricións en Cultura antes do día 21 de marzo.

e en abril...

16

Coñece Galicia

Viaxe á vila de Betanzos.

Prezo: 20 euros.

22

Estrea de Teatro

Casa da Cultura Camporrapado

18.00 horas.

Entrada de balde.

O Clube de Maiores de Boqueixón presentará a súa obra titulada 'Urxencias'.

26

Unidade Móbil do DNI

Casa do Concello.

De 09.30 a 13.00 horas.

Inscricións ata esgotar as prazas dispoñibles no teléfono 981 513 115.